



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

Resolución do 13 de febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se autoriza administrativamente, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada "LAT 132 kV Parque Eólico Serra de Oribio - Subestación Triacastela", nos termos municipais de Samos e Triacastela (Lugo), promovida por Fergo Galicia Vento SL (expediente 017/2005-AT).

FEITOS

Primeiro.- O 19/10/2005 a empresa promotora Fergo Galicia Vento SL presentou, perante a Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Innovación e Industria (en adiante, delegación provincial), a solicitude de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, declaración de impacto ambiental, aprobación do proxecto sectorial e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada "LAT 132 kV Parque Eólico Serra de Oribio - Subestación Triacastela", acompañada da documentación esixida para o efecto no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia; e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Segundo consta no proxecto de execución (datado en xullo-2005), esta instalación eléctrica ten por obxecto posibilitar a evacuación da enerxía eléctrica xerada no Parque Eólico de Serra de Oribio e consistirá na construción dunha liña eléctrica de alta tensión (LAT) aérea a 132 kV, en circuito simple e condutor LA-280, cunha lonxitude de 4.500 m, sobre 23 apoios metálicos de celosía, con orixe na subestación eléctrica do parque eólico Serra de Oribio e final na subestación eléctrica de Triacastela, e que transcorre polos termos municipais de Samos e Triacastela (Lugo).

Segundo.- A delegación provincial emitiu os seguintes informes, a respecto da devandita instalación eléctrica:

- O 02/12/2005 certifica que o trazado da liña eléctrica está afectado polo permiso de investigación da Sección C), denominado "San Gil" nº 5675.
- O 18/08/2006 informa de xeito favorable o proxecto de execución titulado "LAT 132 kV PE Serra de Oribio - Sub. Triacastela" (datado en xullo-2005).
- O 18/08/2006 informa que non existe limitación para a imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica no caso das parcelas afectadas polas instalacións eléctricas proxectadas.

Terceiro.- O 24/05/2006 a empresa promotora presentou, perante a delegación provincial, a relación de bens e dereitos afectados (RBDA) pola devandita instalación eléctrica, con exclusión daqueles para os que xa acadaran acordo.

Cuarto.- O 05/09/2006 a delegación provincial ditou resolución pola que se someteu a información pública a solicitude de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, declaración de impacto ambiental, aprobación do proxecto sectorial e declaración de utilidade pública, en concreto, da devandita instalación eléctrica; que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 18/09/2006, no *Boletín Oficial da Provincia* do 16/09/2006 e no xornal *El Progreso* do 16/09/2006, e tamén estivo exposta nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Samos e Triacastela e da delegación provincial. Para os efectos do trámite ambiental, tamén estivo exposta no taboleiro de anuncios da Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

A respecto desta resolución, o 26/09/2006 a delegación provincial fixo unha corrección de erros, que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 13/10/2006, no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* do 13/10/2006 e no xornal *El Progreso* do 09/10/2006, e tamén estivo exposta nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Samos e Triacastela e da delegación provincial.

Así mesmo, a delegación provincial practicou notificación individual aos propietarios dos predios afectados pola devandita instalación eléctrica, que aparecen na RBDA presentada pola empresa promotora o 24/05/2006 e incorporada á citada Resolución do 05/09/2006 da delegación provincial pola que se realizou o trámite de información pública.

Quinto.- Durante o período de información pública presentáronse os seguintes escritos de alegacións (dos que se deu traslado á empresa promotora, quen presentou a súa contestación aos mesmos):

- Eduardo Carballo Núñez, en representación de Luís Núñez López, quen figura na RBDA como propietario do predio nº 5, presenta escrito de alegacións no que se opón ao dito proxecto, así como á servidume de paso sobre a súa finca e, ademais, para poder afondar nas súas alegacións, solicita que se lle remita vía fax a correspondente documentación ante a imposibilidade de comparecer a examinar o expediente.

- Eduardo Carballo Núñez, en representación de Concepción Núñez Pérez, quen figura na RBDA como propietaria dos predios nº 30 e 41, presenta escrito de alegacións no que se opón ao dito proxecto, así como á servidume de paso sobre as súas fincas e, ademais, para poder afondar nas súas alegacións, solicita que se lle remita vía fax a correspondente documentación ante a imposibilidade de comparecer a examinar o expediente.

Sexto.- Simultaneamente ao trámite de información pública, a delegación provincial trasladou as separatas técnicas do devandito proxecto de execución, para os efectos de obter o seu informe ao respecto, ás seguintes entidades con bens e dereitos afectados polo mesmo: Confederación Hidrográfica do Norte, Servizo de Estradas de Lugo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Concello de Samos, Concello de Triacastela, Red Eléctrica de España SA e Unión Fenosa Distribución SA.

A respecto da única entidade que non contestou, Concello de Samos, enténdese a súa conformidade coa autorización da instalación proxectada, conforme ao disposto nos artigos 127 e 131 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro; sen prexuízo da autorización que lle corresponda outorgar.

As outras cinco entidades presentaron os seus respectivos escritos manifestando a súa conformidade e/ou fixando o seu condicionado técnico, dos que se deu traslado á empresa promotora Fergo Galicia Vento SL, quen presentou a súa conformidade ao respecto.

Sétimo.- A respecto do estudo de impacto ambiental (datado en xuño-2005), solicitáronse informes á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Turismo, Dirección Xeral de Obras Públicas e Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Sanidade.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informou o 16/11/2006 de xeito desfavorable o trazado da liña eléctrica, tendo en conta que incide na zona de protección do Camiño Francés, do Camiño de Santiago, declarado conxunto histórico e patrimonio universal da humanidade. Non obstante, o 13/11/2007 informou de xeito favorable unha nova alternativa de trazado da liña eléctrica, que inclúe unha modificación a partir do seu apoio 21 (dende este apoio a liña eléctrica proxectada iría ata o apoio 3 da liña eléctrica existente de Oural-Triacastela, chegando á subestación de Triacastela a través dun dos seus circuitos).

Oitavo.- Como consecuencia dunha modificación do trazado da liña eléctrica, o 13/06/2011 a empresa promotora presentou, perante a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria (en adiante, xefatura territorial), a seguinte documentación:

- Un modificado ao proxecto de execución titulado “Modificación LAT 132 kV Parque Eólico Serra de Oribio - Subestación Triacastela, entre apoio 20 e entrada na subestación” (datado en marzo-2011), e novas separatas técnicas para os organismos afectados, segundo o esixido no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

- Unha addenda ao Estudo de Impacto Ambiental (datado en abril-2011), segundo o esixido no Decreto 442/1990, do 13 de setembro, e no Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

- Un novo proxecto sectorial (datado en marzo-2011), segundo o esixido no Decreto 80/2000, do 23 de marzo.

Na addenda ao Estudo de Impacto Ambiental faise unha valoración entre as tres alternativas descritas a continuación, e xustifícase a elección da terceira delas (aéreo-soterrada) por ser a que provoca un menor impacto global no ambiente:

- Liña aérea: esta alternativa é a proposta inicialmente.

- Liña aérea aproveitando unha infraestrutura existente: esta alternativa, que foi informada de xeito favorable pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 13/11/2007, consiste en eliminar o último tramo da liña (apoios 22 e 23) e dende o apoio 21 conectar co apoio 3 da liña existente Oural-Triacastela, chegando á subestación de Triacastela a través dun dos seus circuitos.

- Liña aéreo-soterrada: esta alternativa consiste en realizar soterrado o último tramo da liña (dende o apoio 20), dende as inmediacións do Camiño de Santiago ata a entrada na subestación de Triacastela.

Segundo consta neste modificado ao proxecto de execución, suprimense os 3 últimos apoios do proxecto orixinal (apoios 21, 22 e 23) e o apoio 20 (que se recolocará no percorrido da liña orixinal) utilizarase como paso aéreo-soterrado. Desta forma, a liña eléctrica constará dun tramo aéreo con 20 apoios e 3.637,9 m, e outro soterrado de 719 m, dende o apoio 20 ata a subestación de Triacastela.

Esta modificación, a respecto da RBDA incorporada á Resolución do 05/09/2006 da delegación provincial pola que se realizou o trámite de información pública, supón a desafectación dos predios identificados cos números 33, 38, 39, 40 e 41, así como a variación na afección dos predios identificados cos números 23, 30 e 37:

- En canto aos predios que resultaron desafectados, o 23/03/2012 a xefatura territorial practicoulles aos seus titulares a correspondente notificación individual.

- En canto aos predios nos que variou a súa afección, o 31/01/2012 a empresa promotora presentou, perante a xefatura territorial, un escrito no que informa que chegou a un mutuo acordo cos seus propietarios para a súa ocupación.

Noveno.- A xefatura territorial trasladou as separatas técnicas do modificado ao proxecto de execución, para os efectos de obter o seu informe ao respecto, ás seguintes entidades con bens e dereitos afectados polo mesmo: Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Servizo de Lugo da Axencia Galega de Infraestruturas, Concello de Triacastela e Unión Fenosa Distribución SA.

A respecto das dúas entidades que non contestaron, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e Unión Fenosa Distribución SA, enténdese a súa conformidade coa autorización da instalación proxectada, conforme ao disposto nos artigos 127 e 131 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro; sen prexuízo das autorizacións que lles corresponda outorgar.

As outras dúas entidades presentaron os seus respectivos escritos manifestando a súa conformidade e/ou fixando o seu condicionado técnico, dos que se deu traslado á empresa promotora Fergo Galicia Vento SL, quen presentou a súa conformidade ao respecto.

Décimo.- O 19/03/2012 a xefatura territorial emitiu informe favorable sobre o modificado ao proxecto de execución titulado “Modificación LAT 132 kV Parque Eólico Serra de Oribio - Subestación Triacastela, entre apoio 20 e entrada na subestación” (datado en marzo-2011).

Como a liña eléctrica deberá executarse conforme ao disposto nos dous proxectos de execución tramitados, o orixinal (xullo-2005) e o seu modificado (marzo-2011), teranse que aprobar os dous proxectos de execución; non obstante, como o proxecto orixinal se elaborou cando estaba en vigor o antigo regulamento de liñas de alta tensión (Real decreto 3151/1968), cómpre adaptalo ao novo regulamento (Real decreto 223/2008). Para estes efectos, o 03/06/2013 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas requiriulle á empresa promotora unha Addenda de adaptación do proxecto orixinal ao novo regulamento de liñas eléctricas de alta tensión.

O 02/08/2013 a empresa promotora presentou esta addenda co título “Addenda de adaptación ao RD 223/2008 do proxecto LAT 132 kV PE Serra de Oribio - Subestación Triacastela” (datada en xullo-2103). Posteriormente, o 23/03/2015 presentou, en substitución desta addenda, unha nova addenda (datada en xullo-2014). O 05/05/2015 a xefatura territorial emitiu informe favorable sobre esta última addenda.

Décimo primeiro.- A respecto da addenda ao estudo de impacto ambiental solicitáronse informes á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Secretaría Xeral para o Turismo, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, Concello de Triacastela e Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Cumprimentada a tramitación ambiental, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou o 13/07/2012 a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) da liña eléctrica proxectada; que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 10/10/2012, mediante Resolución do 29/08/2012 da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Décimo segundo.- A respecto do novo proxecto sectorial (datado en marzo-2011), o 27/01/2014 a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu o informe favorable, esixido no artigo 13.3 do Decreto 80/2000, o 23 de marzo, con carácter previo á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

Non obstante, como consecuencia do condicionamento esixido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, no informe emitido o 08/03/2013 a respecto do proxecto sectorial, consistente no soterramento da liña eléctrica dentro da zona delimitada como BIC do Camiño Francés, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas decidiu non someter o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal a aprobación definitiva e solicitar ao promotor a presentación dun modificado ao proxecto que recolla este soterramento.

O 07/10/2016 a empresa promotora, co obxecto de atender a esixencia da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de soterrar a liña eléctrica dentro da zona delimitada como BIC, presentou o documento titulado “Proposta de modificación da posición do apoio 20 - LAT 132 kV PE Serra de Oribio / Subestación Triacastela” (datado en outubro-2016). Dende a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, para os efectos de obter o seu informe ao respecto, trasladouse este documento ao servizo provincial de Lugo de Conservación da Natureza e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, quen presentaron os seus informes favorables, emitidos con datas 16/12/2016 e 03/03/2017, respectivamente. Posteriormente, a requirimento do órgano ambiental, solicitouse informe á Dirección Xeral de Patrimonio Natural (antiga Dirección Xeral de Conservación da Natureza), quen presentou o seu informe favorable, emitido con data 18/07/2017.

O 18/09/2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático informou o soterramento derivado da esixencia de patrimonio cultural, concluíndo que non existen obxeccións a esta modificación sempre que se

cumpran as condicións que figuran nos informes dos organismos, así como o recollido na documentación achegada polo promotor, e indicando que no restante mantén a súa vixencia o condicionado da DIA.

Esta modificación mantén a mesma lonxitude da liña eléctrica de 4.357 m, pero diminuíndo o tramo aéreo e aumentando o tramo soterrado: un primeiro tramo en aéreo de 3.461 m sobre 20 apoios metálicos e un segundo tramo en soterrado de 896 m dende o apoio 20 ata a subestación de Triacastela.

O 28/09/2017 a empresa promotora presentou un novo proxecto sectorial (datado en setembro-2017) no que se inclúe o soterramento da liña dentro do BIC esixido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O 31/10/2017 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu o informe favorable esixido no artigo 13.3 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, previo á aprobación definitiva polo Consello da Xunta de Galicia do dito proxecto sectorial (datado en setembro-2017).

O 09/11/2017 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo de aprobar definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da infraestrutura eléctrica denominada "LAT 132 kV parque Eólico Serra de Oribio - Subestación Triacastela", promovido por Fergo Galicia Vento SL; que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 01/10/2018, mediante Resolución do 10/09/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

Décimo terceiro.- O 29/08/2018 a empresa promotora presentou un novo proxecto de execución titulado "LAT 132 kV Subestación PE Serra de Oribio - Subestación Triacastela" (datado en decembro-2017), no que se refunde o proxecto orixinal (datado en xullo-2005) e o seu modificado (datado en marzo-2011) e se inclúe o soterramento da liña dentro da zona delimitada como BIC esixido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O proxecto de execución acompáñase dunha declaración responsable do técnico proxectista, de data 22/12/2017, para os efectos seguintes:

- Acreditación da competencia profesional, conforme ao disposto no artigo 19 do Decreto 51/2011, do 17 de marzo (DOG do 01/04/2011), para os proxectos que se presentan sen visado do colexio profesional correspondente, así como na Instrución 5/2012, do 15 de novembro, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas (DOG do 30/11/2012).

- Acreditación do cumprimento da normativa de aplicación, conforme ao disposto no artigo 53.1.b) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Este novo proxecto de execución foi informado favorablemente pola xefatura territorial con data 09/10/2018.

Décimo cuarto.- O 12/11/2018 a empresa promotora presentou a RBDA definitiva (datada en outubro-2018) derivada do novo proxecto de execución (datado en decembro-2017), na que se recollen, para aquelas fincas afectadas con cuxos titulares non se chegou a un acordo mutuo (fincas nº 18 e 19), as afeccións definitivas e a súa variación respecto das afeccións sinaladas na RBDA que se someteu a información pública (Resolución do 05/09/2006 da delegación provincial).

A Dirección Xeral de Enerxía e Minas practicou notificación individual aos titulares das fincas 18 e 19, dándolles un prazo de 20 días para formular as alegacións que considerasen oportunas sobre as afeccións definitivas sobre as súas fincas. Ningún dos titulares destas dúas fincas presentou alegacións ao respecto.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- A Dirección Xeral de Enerxía e Minas é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de industria, enerxía e minas; no Decreto 132/1982, do 4 de novembro, sobre asunción de competencias en materia de industria, enerxía e minas e a súa asignación á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio; no Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; en relación coa Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; co Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común; e coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Segunda.- A respecto dos predios que foron obxecto de alegacións, identificados na RBDA cos números 5, 30 e 41, indicar o seguinte:

- En canto aos predios números 5 e 30, o 30/01/2007 a empresa promotora presentou, perante a delegación provincial, un escrito no que informa que chegou a un mutuo acordo cos seus propietarios para a súa ocupación, que acompaña do correspondente contrato de constitución de servidume de paso eléctrico suscrito o 27/11/2006.

- En canto ao predio número 41, este forma parte dos predios (33, 38, 39, 40 e 41) que resultaron desafectados pola modificación da liña eléctrica, contemplada no modificado ao proxecto de execución.

Terceira.- A respecto do permiso de investigación da Sección C), denominado “San Gil” nº 5675, que resulta afectado polo trazado da liña eléctrica, de acordo co disposto no feito segundo desta resolución, o 22/11/2011 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas resolveu declarar a súa caducidade.

Cuarta.- No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites regulamentarios.

De acordo co que antecede e no exercicio das competencias que teño atribuídas,

RESOLVO

1. Autorizar administrativamente a instalación eléctrica denominada “LAT 132 kV Parque Eólico Serra de Oribio - Subestación Triacastela”, nos termos municipais de Samos e Triacastela (Lugo), promovida por Fergo Galicia Vento SL.

2. Aprobar o proxecto de execución da instalación eléctrica citada.

3. Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica citada, o que leva implícito a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

Primeira.- De conformidade co disposto no artigo 4 do Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental, por proposta do órgano ambiental fíxase a contía do aval en 95.094,76 €, correspondente ao presuposto de execución por contrata dos labores de revexetación, dos cales, 14.402,06 € corresponden á fase de obras e 80.692,70 € á fase de desmantelamento e abandono da liña.

A empresa promotora deberá depositar este aval no prazo de 30 días, contados dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11.3 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias.

Segunda.- As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto de execución titulado “LAT 132 kV Subestación PE Serra Oribio - Subestación Triacastela” (datado en decembro-2017), asinado polo enxeñeiro industrial Eloy Prada Hervella, colexiado nº 1.898 do Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia; e no que figura un orzamento total de 1.342.447,53 €.

Terceira.- A empresa promotora asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Cuarta.- En todo momento deberase cumprir canto establecen os regulamentos técnicos de aplicación, en particular, o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09, aprobados polo Real decreto 223/2008, do 18 de febreiro.

Quinta.- Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria autorización previa da Dirección Xeral de Enerxía e Minas; non obstante, a xefatura territorial poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicar á dita dirección xeral todas as resolucións que dite en aplicación da citada facultade.

Sexta.- A data límite para o inicio das obras será o 12/12/2019, de acordo co disposto no punto 3 da disposición transitoria primeira da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, que fixa un prazo máximo de 6 anos dende a súa entrada en vigor (12/12/2013) para comezar a execución dos proxectos cuxas declaracións de impacto ambiental foran publicadas con anterioridade a esta data, debendo o promotor, en caso contrario, iniciar novamente o trámite de avaliación de impacto ambiental do proxecto conforme ao establecido nesta lei.

Sétima.- Previo ao inicio das obras, o promotor deberá presentar ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas un estudo ambiental de sinerxias que inclúa ás infraestruturas de xeración, así como as posibles afeccións a infraestruturas próximas.

Oitava.- O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución. Unha vez construídas as instalacións autorizadas, a empresa promotora deberá presentar a solicitude de posta en servizo ante a xefatura territorial, quen deberá estendela tras as comprobacións técnicas que considere oportunas.

En todo caso, o prazo máximo para solicitar a autorización de explotación será de tres anos, contados a partir da data de notificación desta resolución, de conformidade co disposto no punto 3 da disposición transitoria cuarta da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Novena.- En canto aos bens e dereitos afectados por esta instalación eléctrica e adscritos ás distintas Administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral, a empresa promotora procederá a realizar os correspondentes cruzamentos e afeccións de acordo cos condicionados e informes emitidos por estes.

Décima.- Con carácter previo á posta en marcha das instalacións, o órgano competente verificará o cumprimento dos condicionados impostos nesta resolución, así como das condicións que sexan de aplicación das que figuran na Declaración de Impacto Ambiental formulada o 13/07/2012 polo órgano ambiental, así como no informe emitido por este o 18/09/2017 en relación co soterramento da liña eléctrica dentro da zona delimitada como BIC do Camiño Francés por esixencia da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Décimo primeira.- A Administración reserva para si o dereito a deixar sen efecto esta autorización por incumprimento das condicións estipuladas, pola facilitación de datos inexactos ou por calquera outra causa legal ou regulamentaria que así o prevea.

Décimo segunda.- Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra a presente resolución, que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.- O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces.

R. 0531

Anuncio

RESOLUCIÓN do 29 de outubro 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 18 de outubro de 2018, polo que se declara de utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais, do parque eólico Serra do Punago-Vacariza, sito nos concellos de Castroverde, Baralla e Baleira (Lugo) e promovido por Fenosa Wind, S.L. (expediente LU-11/139-EOL).

En cumprimento do disposto no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, faise público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 18 de outubro de 2018, polo que se declara de utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais, do parque eólico Serra do Punago-Vacariza, sito nos concellos de Castroverde, Baralla e Baleira (Lugo) e promovido por Fenosa Wind, S.L. (expediente LU-11/139-EOL).

Santiago de Compostela. O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 18 de outubro de 2018, polo que se declara de utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais, do parque eólico Serra do Punago-Vacariza, sito nos concellos de Castroverde, Baralla e Baleira (Lugo) e promovido por Fenosa Wind, S.L. (expediente LU-11/139-EOL).

Examinado o expediente iniciado por solicitude de Fenosa Wind, S.L. en relación coa declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Serra do Punago-Vacariza, constan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Mediante Resolución do 20 de decembro de 2010, pola que se aproba a relación de anteprojectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia (DOG nº 248, do 28 de decembro), admitiuse a trámite o parque eólico Serra do Punago-Vacariza (en adiante o parque eólico), cunha potencia de 48 MW e promovido por Fenosa Wind, S.L. (en adiante a promotora).

Segundo. O 20.6.2011, a promotora solicitou a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica, a declaración de impacto ambiental, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico.

Terceiro. O 1.6.2012 e o 3.7.2012, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, e Industria de Lugo (en adiante, a xefatura territorial) emitiu informes sobre os dereitos mineiros existentes na área definida pola poligonal do parque eólico. De acordo cos citados informes, non existe ningún dereito mineiro outorgado en vixencia no espazo proxectado para o parque eólico, e só existe a solicitude de permiso de exploración *Santalla nº 5542*.

Cuarto. O 4.9.2012 a promotora presentou o documento *Modificado nº1 del Proyecto de ejecución, agosto 2012*, xunto coa Relación de Bens e Dereitos Afectados.

Quinto. Por Resolución do 30 de outubro de 2012, da Xefatura Territorial de Lugo, someteuse a información pública para autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, declaración de utilidade pública, en concreto, así como inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica e aprobación do seu estudo de impacto ambiental e do correspondente proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, as instalacións relativas ao parque eólico Serra do Punago-Vacariza.

A dita resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 12.12.2012, no *Boletín Oficial* da Provincia de Lugo do 14.1.2013 e no xornal *El Progreso* do 24.11.2012. Así mesmo, permaneceu exposta ao público no taboleiro de anuncios dos concellos afectados de Baleira, Baralla, Pol e Castroverde, e da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo, que emitiron os correspondentes certificados de exposición pública.

A continuación resúmese o contido das alegacións presentadas durante o período de información pública:

- Existencia de erros na Relación de Bens e Dereitos Afectados, maioritariamente en relación coa titularidade das parcelas, coas superficies afectadas, coa clasificación do solo, co tipo de aproveitamento, cos enderezos aos efectos de notificacións, etc.

- Alegacións respecto da localización proxectada do parque eólico, que produce impacto visual e ambiental que afectan a súa contorna, ao Camiño de Santiago e o seu territorio histórico, á Vía Romana, ao resto de Camiños Reais, poboacións próximas e Bens de Interese Cultural.

Sexto. O 4.4.2013 a xefatura territorial concedeu trámite de audiencia ao solicitante do permiso de exploración Santalla nº 5542. O 18.6.2013 publicouse o trámite de audiencia no DOG e entre o 14.6.2013 e o 4.7.2013 no taboleiro de edictos do Concello de Madrid, sen que se recibise ningunha alegación do interesado.

Sétimo. O 17.10.2014 a promotora, solicitou á Dirección Xeral de Enerxía e Minas unha modificación do proxecto consistente, de forma xeral, no cambio da posición de tres dos dezaseis aeroxeradores do parque eólico.

Oitavo. Por resolución do 4 de febreiro de 2015 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas autorizáronse as modificacións propostas do proxecto do parque eólico, por non influír no resultado do concurso, segundo a Resolución do 20 de decembro de 2010, pola que se aproba a relación de anteprojectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia.

Noveno. O 15.2.2016, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental relativa ao parque eólico, que se fixo pública por Resolución do 2 de marzo de 2016 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas (*DOG nº 80, do 27 de abril de 2016*).

Décimo. O 12.3.2016, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas solicitou informe ao que fai referencia o artigo 45 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, á Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal. O 16.6.2016, a Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal remitiu o informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Lugo do 31.5.2016.

Décimo primeiro. O 19.9.2016, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu, en relación co proxecto sectorial do parque eólico, o informe ao que fai referencia o artigo 37.7 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, no que se indica que o aeroxerador nº 9 non cumpre coa distancia mínima ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable.

Décimo segundo. Con data 7.4.2017, a promotora presentou ante a Dirección Xeral de Enerxía e Minas a documentación *Adenda nº2 alproyectoejecutivo marzo 2017*, para a solicitude de autorización das modificacións do proxecto de execución do parque eólico de acordo coas consideracións incluídas no informe ao proxecto sectorial do parque realizado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sinalado no anterior antecedente de feito.

Décimo terceiro. O 8.6.2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático emitiu informe favorable respecto a la modificación da posición do aeroxerador nº9.

Décimo cuarto. O 27.11.2017, Fenosa Wind, S.L. presentou no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia un escrito no que solicitou a tramitación do proxecto do parque eólico conforme á disposición transitoria terceira da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Décimo quinto. O 21.12.2017 o Consello da Xunta de Galicia declarou de interese especial o proxecto do parque eólico, consonte a disposición adicional primeira da Lei 8/2009, do 22 de decembro. (*DOG nº26, do 6 de febreiro de 2018*).

Décimo sexto. O 16.1.2018, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu, en relación co proxecto sectorial datado en marzo de 2017 do parque eólico, informe favorable no que se indica que todos os aeroxeradores cumpren a distancia mínima ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable.

Décimo sétimo. O 1.3.2018 a promotora solicitou unha modificación do proxecto, para adaptarse á evolución tecnolóxica, consistente no cambio de modelo de aeroxerador e a eliminación de catro dos dezaseis

aeroxeradores, xunto coa presentación o 6.4.2018 da *Adenda nº3 Proyecto de ejecución del parque eólico Serra do Punago-Vacariza, marzo 2018*.

Décimo oitavo. O 9.3.2018 a xefatura territorial informou que non constan variacións nos expedientes dos dereitos mineiros afectados polo parque eólico.

Décimo noveno. 13.4.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático emitiu informe onde considerouse que non existen obxeccións aos cambios solicitados e impoñendo unha serie de condicionados.

Vixésimo. Por resolución do 24 de abril de 2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas autorizáronse as modificacións do proxecto do parque eólico, por non influír no resultado do concurso, segundo a Resolución do 20 de decembro de 2010, pola que se aproba a relación de anteprojectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia.

Vixésimoprimeiro. O 30.4.2018, en aplicación do disposto no apartado 3 do artigo 45 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas acordou a apertura do trámite de audiencia outorgándolles aos titulares dos aproveitamentos forestais afectados un prazo de 15 días para que alegasen e presentasen os documentos e xustificacións que estimasen oportunos.

Vixésimo segundo. O 7.5.2018, a comunidade de Puñago recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación durante o prazo outorgado.

Vixésimo terceiro. O 7.5.2018, a comunidade de Barrosa recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación durante o prazo outorgado.

Vixésimo cuarto. O 7.5.2018, a comunidade de Furís recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación durante o prazo outorgado.

Vixésimo quinto. O 7.5.2018, a comunidade de Pousada, Eirexe y Rego de Pereira recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación durante o prazo outorgado.

Vixésimo sexto. O 7.5.2018, a comunidade de Quinta y Queirugal recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación durante o prazo outorgado.

Vixésimo sétimo. O 16.5.2018, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu, en relación co proxecto sectorial refundido do parque eólico datado en marzo de 2018, informe no que se recolle que os aeroxeradores A2, A3 e A4 incumpren a distancia mínima de 500m respecto da delimitación do núcleo de Puñago.

Vixésimo oitavo. O 28.5.2018 a promotora remitiu unha modificación nas coordenadas dos aeroxeradores A1, A2, A3 e A4, para cumprir coa distancia mínima de 500m respecto da delimitación do núcleo de Puñago.

Vixésimo noveno. Con data 5.6.2018, a promotora presenta o documento *Adenda nº4 Proyecto de ejecución del parque eólico Serra do Punago-Vacariza, junio 2018*, no que se recollen a configuración e características finais previstas para o parque eólico.

Trixésimo. O 7.6.2018, 29.6.2018, e o 11.7.2018, Fenosa Wind, S.L. presentou documentación relativa ás modificacións na Relación de Bens e Dereitos Afectados.

Trixésimo primeiro. O 13.6.2018, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo informou que o proxecto do parque eólico cumpre os requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia.

Trixésimo segundo. O 19.6.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático considera que non existen obxeccións aos cambios solicitados pola promotora, recollidos no punto vixésimo noveno.

Trixésimo terceiro. O 10.7.2018 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas solicitou á xefatura territorial informe sobre a existencia de dereitos mineiros afectados polo proxecto modificado do parque eólico. O 31.7.2018 a xefatura territorial informou que as modificacións do parque eólico non afectan a novos dereitos mineiros dos que xa foron informados.

Trixésimo cuarto. Por Resolución do 16 de xullo de 2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas autorizáronse as modificacións do proxecto do parque eólico, por non influír no resultado do concurso, segundo a Resolución do 20 de decembro de 2010, pola que se aproba a relación de anteprojectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia.

Trixésimo quinto. Por Resolución do 16 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, someteuse a información pública a modificación da solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, referida ao proxecto do parque eólico Serra do Punago-Vacariza, promovido por Fenosa Wind, S.L., nos concellos de Castroverde, Baralla e Baleira.

A dita resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 8.8.2018 e no xornal *El Progreso* do 9.8.2018. Así mesmo, permaneceu exposta ao público na Dirección Xeral de Enerxía e Minas, e na Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo que emitiu o correspondente certificado de exposición pública.

A continuación resúmese o contido das alegacións presentadas durante o período de información pública:

- Existencia de erros na Relación de Bens e Dereitos Afectados maioritariamente, en relación coa titularidade das parcelas, coas superficies afectadas, coa clasificación do solo, cos enderezos aos efectos de notificacións, co tipo de aproveitamento, coa comprobación das superficies afectadas e das disposicións das afeccións sobre as fincas, etc.
- Respecto da necesidade de, previamente ao levantamento de actas previas e á ocupación dos terreos afectados, concretar e individualizar a superficie obxecto de ocupación e proceder á súa piquetaxe e implantación da mesma.
- Solicitud de expropiación total de parcelas afectadas parcialmente por entender que quedan inservibles para o seu normal aproveitamento.
- En relación á necesidade de acondicionar o acceso á superficie non expropiada das fincas afectadas.
- Alegación respecto da localización proxectada do parque eólico, que produce afeccións sobre o proxecto executado "Posta en valor do patrimonio natural mediante ruta de sendeirismo na Parroquia de Masoucos. Castroverde", e a solicitude de ser emprazada como interesada no procedemento de expropiación.
- Solicitud de denegación da declaración de utilidade pública do parque eólico en canto non se realicen as modificacións de conformidade ás alegacións presentadas.

Trixésimo sexto. O 16.7.2018, en virtude de que na documentación achegada polo promotor o 7.6.2018 constaba que a comunidade de Puñago era titular de dereitos que podían verse afectados pola nova modificación, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas acordou a apertura dun novo trámite de audiencia á comunidade de Puñago.

Trixésimo sétimo. O 18.7.2018, a comunidade de Puñago recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación durante o prazo outorgado.

Trixésimo oitavo. O 19.7.2018 e o 10.8.2018 a Dirección Xeral de Ordenación Forestal remitiu o informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Lugo do 10.7.2108, no que informa favorablemente respecto ao parque eólico de Puñago-Vacariza.

Trixésimo noveno. O 2.8.2018, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ratificou que as coordenadas contidas na *Adenda nº4 Proyecto de ejecución del parque eólico Serra do Punago-Vacariza, junio 2018*, cumpren os requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia.

Cuadraxésimo. Por Resolución do 3 de agosto de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, outorgouse autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción ás instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Serra do Punago-Vacariza, sito nos concellos de Castroverde, Baralla e Baleira, cunha potencia de 39,5MW e promovido por Fenosa Wind, S.L. (*DOG nº165, do 30 de agosto*).

Cuadraxésimo primeiro. O 3.8.2018, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, notificou ás persoas interesadas as modificacións introducidas na relación de bens e dereitos afectados polo proxecto do parque eólico modificado. Para aqueles casos nos que non foi posible efectuar a notificación, o 29.9.2018 publicouse anuncio no Taboleiro Edictal Único do Boletín Oficial do Estado co fin de realizar a notificación por comparecencia. Transcorrido o prazo establecido no dito anuncio non compareceu ningún interesado.

Cuadraxésimo segundo. O 21.8.2018, esta dirección xeral solicitoulle á Dirección Xeral de Ordenación Forestal o informe de aproveitamentos de masas forestais no marco do establecido no artigo 45 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Cuadraxésimo terceiro. O 30.8.2018 a Dirección Xeral de Ordenación Forestal ratificou, no marco do establecido no artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, o informe do 19.7.2018.

Aos antecedentes de feito descritos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Consello da Xunta de Galicia é competente para resolver este procedemento con fundamento no artigo 45.6 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Segundo. No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites de procedemento establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o

aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 4/2014, do 8 de maio, e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, consonte á disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e demais normas vixentes de aplicación.

Terceiro. En relación coas alegacións presentadas durante a tramitación do expediente, visto o seu contido e as respostas efectuadas polo promotor, cómpre manifestar o seguinte:

1. En relación coa titularidade e características dos bens e dereitos afectados, tomouse razón de todas as manifestacións e documentos presentados polas persoas interesadas e corresponde á fase de levantamento de actas previas, dentro do eventual procedemento expropiador, a determinación efectiva da titularidade dos bens e dereitos afectados e das súas características (localización, extensión, tipo de aproveitamento,...), así como das afeccións reais do proxecto sobre eles.
2. No que respecta ás alegacións de carácter ambiental, estas foron tidas en conta na declaración de impacto ambiental emitida pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 15.2.2016, que se fixo pública por Resolución do 2 de marzo de 2016 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas (*DOG nº 80, do 27 de abril de 2016*) e nos informes do 8.6.2017, 14.2.2018 e 19.6.2018 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.
3. En relación coas alegacións que fan referencia a afección sobre o patrimonio cultural, débese indicar que o proxecto conta co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 19.9.2014.
4. En relación coas alegacións que fan referencia a afección sobre o patrimonio natural, débese indicar que o proxecto conta co informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de data 31.8.2012.
5. En relación a necesidade de acondicionar o acceso á superficie non expropiada das fincas afectadas, a promotora comunicou que todas as parcelas afectadas polo proxecto do parque eólico contarán co debido acceso.
6. En referencia as consideracións efectuadas sobre á denegación da declaración de utilidade pública, sinalar que esta faise en virtude dos artigos 54 y 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.
7. En referencia á solicitude de expropiación total das parcelas afectadas parcialmente por entender que quedan inservibles para o seu aproveitamento, sinalar que non están previstas afeccións aos usos actuais máis alá das propias zonas de implantación das infraestruturas definidas no proxecto de execución.
8. En todo caso, no que respecta ás compensacións polas afeccións xeradas polo proxecto, no caso de que non se chegase a un acordo entre o promotor eólico e os afectados durante o procedemento expropiador, fixaranse as compensacións correspondentes de acordo coa lexislación aplicable.

De acordo con todo o que antecede, e no exercicio das competencias que ten atribuídas, o Consello da Xunta de Galicia adopta o seguinte **ACORDO**

Primeiro. Declarar de utilidade pública, en concreto, das instalacións do proxecto do parque eólico Serra do Punago-Vacariza, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (*BOE nº 351, do 17 de decembro*).

Segundo. Declarar a prevalencia da utilidade pública do parque eólico sobre o interese xeral dos aproveitamentos forestais afectados, en conformidade co informe da Dirección Xeral de Ordenación Forestal do 30.8.2018, ao que fai referencia o artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

As características principais recollidas no proxecto son as seguintes:

Solicitante: Fenosa Wind, S.L.

Domicilio social: Avenida de Arteixo nº 171, 15007 A Coruña.

Denominación: parque eólico Serra do Punago - Vacariza

Potencia instalada: 39,6 MW

Potencia autorizada (máxima evacuable): 39,5 MW

Produción neta: 112.398 MWh/ano

Horas equivalentes netas: 2.838 h

Concellos afectados: Castroverde, Baralla e Baleira (Lugo)

Orzamento de execución material: 31.351.916,08 euros

Coordenadas perimétricas da poligonal do parque eólico:

| Vértice | Coordenadas UTM (Fuso 29 ETRS89) | |
|---------|-------------------------------------|-----------|
| | X | Y |
| 1 | 641.006 | 4.763.226 |
| 2 | 641.716 | 4.763.336 |
| 3 | 642.856 | 4.759.776 |
| 4 | 643.676 | 4.758.626 |
| 5 | 642.876 | 4.758.286 |
| 6 | 639.976 | 4.759.286 |

Coordenadas dos aeroxeradores do parque eólico:

| Aeroxerador | Coordenadas UTM (Fuso 29 ETRS89) | |
|-------------|-------------------------------------|-----------|
| | X | Y |
| A1 | 641.589 | 4.762.348 |
| A2 | 641.578 | 4.762.084 |
| A3 | 641.630 | 4.761.825 |
| A4 | 641.794 | 4.761.617 |
| A5 | 641.195 | 4.761.374 |
| A6 | 641.352 | 4.761.149 |
| A7 | 641.556 | 4.761.022 |
| A8 | 642.325 | 4.760.021 |
| A9 | 642.449 | 4.759.671 |
| A10 | 642.708 | 4.759.330 |
| A11 | 643.025 | 4.759.045 |
| A12 | 643.188 | 4.758.669 |

Coordenadas da torre meteorolóxica do parque eólico:

| Torre meteorolóxica | Coordenadas UTM (Fuso 29 ETRS89) | |
|---------------------|-------------------------------------|-----------|
| | X | Y |
| | 642.287 | 4.760.313 |

Características técnicas das instalacións eléctricas de produción, interconexión e transformación:

- 12 aeroxeradores Gamesa 132 de 3.300 kW de potencia nominal unitaria, 84 metros de altura de buxa e 132 metros de diámetro de rotor.
- 12 centros de transformación de 3.900 kVA de potencia nominal unitaria e relación de transformación 0,69/30 kV, Dyn11, instalados individualmente no interior de cada aeroxerador coas súas correspondentes aparelaxes de seccionamento, manobra e protección.
- 1 torre meteorolóxica autoportante de 85 metros de altura, equipada con viraventos, anemómetros, medidores de temperatura, medidores de presión e rexistrador de datos.
- Subestación transformadora, cun transformador principal 30/132 kV intemperie, de 50 MVA de potencia nominal, refrixeración ONAN/ONAF e conexión YNd11, e outro de servizos auxiliares 30/0,4-0,23 kV de 160

KVA, refrixeración AN e conexión Dyn11, cos correspondentes equipamentos de control, seccionamento, manobra, medida e protección.

- Edificio de control no cal se situarán, entre outros, as celas de liña, de protección e de medida.
- Liñas eléctricas subterráneas de 30 kV de tensión nominal, en condutor directamente enterrado en gabias, para a evacuación de enerxía xerada, de interconexión entre os centros de transformación 0,69/30 kV e subestación transformadora 30/132 kV.
- Camiños ou vías para o acceso aos aeroxeradores, torre meteorolóxica, edificio de control e subestación eléctrica.

Este acordo publicárase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Anexo

1. Alegacións presentadas durante o período de información pública indicado no antecedente de feito quinto:

Saul Álvarez Fernández, o 9.11.2012; Amelia Pereira Torneiro, o 16.11.2012; Concepción Mosteirín Méndez, o 20.11.2012; Vidolina Pereira Prieto, o 21.11.2012; Ángela Rey Ferreiro, o 21.11.2012; Jorge Calvín López, o 26.11.2012; Pilar Calvín Fernández, o 21.12.2012; Nieves González Pin, o 18.12.2012; César Lago Fernández en representación da MVMC de Puñago, o 18.12.2012; César Lago Fernández, o 13.12.2012; Óscar Lago Fernández e César Lago Fernández, o 13.12.2012; César Lago Fernández en representación da MVMC de Puñago, o 18.12.2012; Manuel Mirón Calvín, o 21.12.2012; Carlos Fernández Carballo, o 12.12.2012; Jose Fernández Carballo, o 12.12.2012; Carmen Fernández Balado, o 11.12.2012; M^a Alicia Gallego Becerra, o 5.12.2012; Manuel Fernández Fernández, o 14.12.2012; César Lago Fernández, o 13.12.2012; César Lago Fernández, o 25.6.2013; Benjamín Vázquez Gegúndez o 7.1.2013; Benjamín Vázquez Gegúndez, o 3.6.2013; Ángela Rey Ferreiro, o 14.1.2013; María Montserrat Lombardía Fernández en representación propia e da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), o 18.1.2013; José Fernández Carballo; o 23.4.2013; Manuel Fernández Torrón, o 23.4.2013; M^a del Mar Torrón Ramos en representación propia e de M^a Carmen Penelos e Lourdes Torrón Ramos, o 18.7.2013.

2. Alegacións presentadas durante o período de información pública indicado no antecedente de feito trixésimo quinto:

Fernando Castedo Dorado, o 30.8.2018; Albino Fernández Monteagudo, o 30.8.2018;

Fernando Castedo Dorado como Presidente da Asociación Cultural e Veciñal de Santiago de Masoucos, o 30.8.2018.

R. 3155

Anuncio

RESOLUCIÓN do 31 de outubro 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de outubro de 2018, polo que se declara de utilidade pública, en concreto, así como a prevalenciasobre diversos aproveitamentos forestais, do parque eólico Pastoriza-Rodeiro, emprazado no concello da Pastoriza (Lugo) e promovido pola sociedade Fenosa Wind, S.L. (expediente LU 11/141 EOL).

En cumprimento do disposto no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, faise público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de outubro de 2018, polo que se declara de utilidade pública, en concreto, así como a prevalenciasobre diversos aproveitamentos forestais, do parque eólico Pastoriza-Rodeiro, emprazado no concello da Pastoriza (Lugo) e promovido pola sociedade Fenosa Wind, S.L. (expediente LU 11/141 EOL).

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.- O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces.

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de outubro de 2018, polo que se declara de utilidade pública, en concreto, así como a prevalenciasobre diversos aproveitamentos forestais, do parque eólico

Pastoriza-Rodeiro, emprazado no concello da Pastoriza (Lugo) e promovido pola sociedade Fenosa Wind, S.L. (expediente LU 11/141 EOL).

Examinado o expediente iniciado por solicitude de Fenosa Wind, S.L. en relación coa declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Pastoriza-Rodeiro, constan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Mediante a Resolución do 20 de decembro de 2010, pola que se aproba a relación de anteproxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia (*DOG nº 248, do 28 de decembro*), admitiuse a trámite o parque eólico Pastoriza-Rodeiro (en adiante, o parque eólico), cunha potencia de 45 MW e promovido por Fenosa Wind, S.L. (en adiante, a promotora).

Segundo. O 20.6.2011, a promotora solicitou a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico.

Terceiro. O 24.5.2012, a promotora solicitou a modificación do proxecto consistente, de forma xeral, no desprazamento dun dos aeroxeradores do parque eólico.

Cuarto. O 4.6.2012 e o 4.8.2012, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, e Industria de Lugo (en adiante, a xefatura territorial) emitiu informes sobre os dereitos mineiros existentes na área definida pola poligonal do parque eólico. De acordo cos citados informes, non existe ningún dereito mineiro outorgado con vixencia no espazo proxectado para o parque eólico, e só existe a solicitude de permiso de investigación *Santa Fe nº 5891*. O 4.4.2013 concedéuselle trámite de audiencia ao solicitante do permiso de investigación *Santa Fe nº 5891*, sen que se recibise algunha alegación do interesado.

Quinto. Mediante Resolución do 12 de setembro de 2012, da Dirección Xeral de industria, Enerxía e Minas, autorizáronse as modificacións do proxecto do parque eólico.

Sexto. Por Resolución do 23 de novembro de 2012, da Xefatura Territorial de Lugo, someteuse a información pública para autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, declaración de utilidade pública, en concreto, así como inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica e aprobación do seu estudo de impacto ambiental e do correspondente proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, as instalacións relativas ao parque eólico Pastoriza-Rodeiro

A dita resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 31.12.2012, no *Boletín Oficial* da Provincia de Lugo do 14.1.2013 e no xornal *El Progreso* do 10.1.2013. Así mesmo, permaneceu exposta ao público no taboleiro de anuncios do Concello afectado da Pastoriza, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo e da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Lugo, que emitiron os correspondentes certificados de exposición pública.

A continuación resúmese o contido das alegacións presentadas durante o período de información pública:

- Alegación respecto da localización proxectada dos aeroxeradores, que producen impacto visual, sonoro e ambiental que afectan ao conxunto onde se sitúan, e que as parcelas veranse depreciadas pola presenza do parque eólico.
- Alegacións en relación coa proximidade das instalacións do parque eólico a vivendas.
- Existencia de erros na Relación de Bens e Dereitos Afectados, maioritariamente en relación coa titularidade das parcelas, coas superficies afectadas, coa clasificación do solo, co tipo de aproveitamento, cos enderezos aos efectos de notificacións, etc.
- Solicitudes de modificación do trazado das servidumes afectadas e oposición á declaración de utilidade pública.
- Alegacións nas que se declara a falta de negociación para chegar a un acordo cos propietarios incluídos na Relación de Bens e Dereitos Afectados.
- Solicitude do arrendamento das parcelas afectadas en lugar de expropiación, ou solicitude de expropiación total das parcelas afectadas parcialmente por entender que quedan inservibles para o seu aproveitamento.
- Respecto á proximidade das instalacións do parque eólico a parcelas con explotacións agrícolas e gandeiras, cos seguintes prexuízos e limitacións no uso e xestión das explotacións.

Sétimo. O 20.10.2014, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental relativa ao parque eólico, que se fixo pública por Resolución do 12 de novembro de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas (*DOG nº 35, do 20 de febreiro de 2015*).

Oitavo. O 23.2.2015, a Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes remitiu o informe do Servizo de Montes Veciñais e Estruturas Forestais do 8.1.2015, relativo aos efectos do parque eólico sobre o sistema forestal.

Noveno. O 27.11.2017, Fenosa Wind, S.L. presentou no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia escrito no que solicitou a tramitación do proxecto do parque eólico conforme á disposición transitoria terceira da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Décimo. O 21.12.2017 o Consello da Xunta de Galicia declarou de interese especial o proxecto do parque eólico, consonte a disposición adicional primeira da Lei 8/2009, do 22 de decembro. (*DOG nº26, do 6 de febreiro de 2018*).

Décimo primeiro. Por Resolución do 19 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, outorgouse autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción ás instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Pastoriza-Rodeiro, sito no concello da Pastoriza (Lugo), cunha potencia de 45MW e promovido por Fenosa Wind, S.L. (*DOG nº109, do 8 de xuño*).

Décimo segundo. O 4.4.2018, o promotor presentou unha modificación do proxecto do parque eólico, solicitando o seu recoñecemento como non substancial. Así mesmo, achegou a documentación necesaria para solicitar o informe do órgano ambiental e o informe do órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, xunto co documento *Adenda nº2 Proyecto de Ejecución del Parque Eólico Pastoriza-Rodeiro. Marzo 2018*, no que se recollen a configuración e características finais previstas para o parque eólico.

Décimo terceiro. O 3.5.2018, en aplicación do disposto no apartado 3 do artigo 45 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas acordou a apertura do trámite de audiencia outorgándolles aos titulares dos aproveitamentos forestais afectados un prazo de 15 días para que alegasen e presentasen os documentos e xustificacións que estimasen oportunos.

Décimo cuarto. O 10.5.2018, a comunidade da Regueira San Vicente recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación durante o prazo outorgado.

Décimo quinto. O 10.5.2018, a comunidade de Loboso recibiu a notificación relativa ao trámite de audiencia e non presentou ningunha alegación durante o prazo outorgado.

Décimo sexto. O 24.5.2018, 5.6.2018, e o 10.7.2018, Fenosa Wind, S.L. presentou documentación relativa ás modificacións na Relación de Bens e Dereitos Afectados e conxuntamente declarou, entre outros feitos, que a modificación proposta no proxecto de execución do parque eólico en ningún caso produce afección a novas parcelas.

Décimo sétimo. O 28.5.2018, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático emitiu o informe sobre as modificacións solicitadas polo promotor, segundo o establecido no artigo 37.1.d) da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Décimooitavo. O 1.06.2018, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo informou sobre as modificacións solicitadas polo promotor, segundo o establecido no artigo 37.1.e) da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Décimo noveno. Por Resolución do 14 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, recoñeceuse como non substancial a modificación do parque eólico Pastoriza-Rodeiro, emprazado no concello da Pastoriza (Lugo) e promovido pola sociedade Fenosa Wind, SL, cunha potencia de 48,50MW.

Vixésimo. O 17.7.2018, a Dirección Xeral de Ordenación Forestal informou, no marco do establecido no artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, que non existe obxección á declaración de prevalencia da utilidade pública do parque eólico modificado sobre o interese xeral dos montes veciñais en man común.

Vixésimo primeiro. O 27.8.2018, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, notificou ás persoas interesadas as modificacións introducidas na relación de bens e dereitos afectados polo proxecto do parque eólico modificado. Para aqueles casos nos que non foi posible efectuar a notificación, o 5.10.2018 publicouse anuncio no Taboleiro Edictal Único do *Boletín Oficial do Estado* co fin de realizar a notificación por comparecencia. Transcorrido o prazo establecido no dito anuncio non compareceu ningún interesado.

Vixésimo segundo. O 4.10.2018, a xefatura territorial emitiu informe sobre a compatibilidade do parque eólico cos dereitos mineiros afectados. De acordo co citado informe, non existe ningún dereito mineiro outorgado no espazo proxectado para o parque eólico modificado, só existe a solicitude do permiso de investigación Santa Fe nº5891 co que non hai interferencias posibles en relación aos traballos de investigación proxectados.

Vixésimo terceiro. Por Resolución do 11 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, ordenouse a publicación no Diario Oficial de Galicia do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 10 de outubro de 2018, polo que se aprobou definitivamente o proxecto do parque eólico Pastoriza-Rodeiro como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, así como das disposicións normativas contidas no mencionado proxecto.

Aos antecedentes de feito descritos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Consello da Xunta de Galicia é competente para resolver este procedemento con fundamento no artigo 45.6 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Segundo. No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites de procedemento establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se

regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 4/2014, do 8 de maio, e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, consonte a disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e demais normas vixentes de aplicación.

Terceiro. En relación coas alegacións presentadas durante a tramitación do expediente, visto o seu contido e as respostas efectuadas polo promotor, cómpre manifestar o seguinte:

9. No que respecta ás alegacións de carácter ambiental, estas foron tidas en conta na declaración de impacto ambiental emitida pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 20.10.2014, que se fixo pública por Resolución do 12 de novembro de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas (*DOG nº 35, do 20 de febreiro de 2015*) e no informe do 28.5.2018 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.
10. No que respecta á proximidade do parque eólico a vivendas, sinalar que a posición dos aerogeneradores cumpren a distancia mínima de 500 metros ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable acorde ao Plan Sectorial Eólico de Galicia, tal e como se recollen nos informes do 16.1.2018 e 1.6.2018, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
11. En relación coa titularidade e características dos bens e dereitos afectados, tomouse razón de todas as manifestacións e documentos presentados polas persoas interesadas e corresponde á fase de levantamento de actas previas, dentro do eventual procedemento expropiador, a determinación efectiva da titularidade dos bens e dereitos afectados e das súas características (localización, extensión, tipo de aproveitamento,...), así como das afeccións reais do proxecto sobre eles.
12. No que respecta ás alegacións relativas á modificación do trazado da servidume afectada, considérase o apartado 3 do artigo 153 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro. En dito apartado ponse de manifesto a necesidade de acreditar na solicitude de variación do trazado a conformidade previa dos novos propietarios por dita variación, debidamente documentada, así como o compromiso formal de sufragar tódolos gastos que ocasione a súa realización.
13. En referencia as consideracións efectuadas sobre á oposición á necesidade dun proceso de utilidade pública, sinalar que a declaración de utilidade pública faise en virtude dos artigos 54 y 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.
14. No que respecta coa falta de negociación cos titulares, a promotora manifestou a súa vontade de manter conversas cos propietarios incluídos na Relación de Bens e Dereitos Afectados co obxectivo de achegar un acordo.
15. En referencia á solicitude do arrendamento das parcelas afectadas en lugar de expropiación, ou solicitude de expropiación total das parcelas afectadas parcialmente por entender que quedan inservibles para o seu aproveitamento, e en relación coa reclamación sobre os prexuízos xerados polo proxecto sobre explotacións agrícolas e gandeiras, sinalar que non están previstas afeccións aos usos actuais máis alá das propias zonas de implantación das infraestruturas definidas no proxecto de execución. En todo caso, no que respecta ás compensacións polas afeccións xeradas polo proxecto, no caso de que non se chegase a un acordo entre o promotor eólico e os afectados durante o procedemento expropiador, fixáranse as compensacións correspondentes de acordo coa lexislación aplicable.

De acordo con todo o que antecede, e no exercicio das competencias que ten atribuídas, o Consello da Xunta de Galicia adopta o seguinte **ACORDO**

Primeiro. Declarar de utilidade pública, en concreto, as instalacións do proxecto do parque eólico Pastoriza-Rodeiro, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (*BOE nº 351, do 17 de decembro*).

Segundo. Declarar a prevalencia da utilidade pública do parque eólico sobre o interese xeral dos aproveitamentos forestais afectados, en conformidade co informe da Dirección Xeral de Ordenación Forestal do 17.7.2018, ao que fai referencia o artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

As características principais recollidas no proxecto son as seguintes:

Solicitante: Fenosa Wind, SL

Domicilio social: Avenida de Arteixo, nº 171, 15007 A Coruña.

Denominación: parque eólico Pastoriza-Rodeiro

Potencia autorizada: 48,50 MW

Concellos afectados: A Pastoriza (Lugo)

Produción neta anual estimada: 151.834 MWh/ano

Orzamento de execución material: 35.916.439,88 euros

Coordenadas perimétricas da poligonal do parque eólico:

| Vértice | Coordenadas UTM (Fuso 29 ETRS89) | |
|---------|-------------------------------------|-----------|
| | X | Y |
| A | 626.875 | 4.797.286 |
| B | 629.175 | 4.797.286 |
| C | 629.175 | 4.794.786 |
| D | 626.875 | 4.794.786 |

Coordenadas de emprazamento dos aeroxeradores:

| Aeroxerador | Coordenadas UTM (Fuso 29 ETRS89) | |
|-------------|-------------------------------------|-----------|
| | X | Y |
| 1 | 627.087 | 4.796.644 |
| 2 | 627.148 | 4.796.351 |
| 3 | 627.154 | 4.796.004 |
| 4 | 627.349 | 4.795.845 |
| 5 | 627.522 | 4.797.079 |
| 6 | 627.782 | 4.796.985 |
| 7 | 628.288 | 4.797.074 |
| 8 | 628.397 | 4.796.893 |
| 9 | 627.824 | 4.796.673 |
| 10 | 627.978 | 4.796.474 |
| 11 | 628.177 | 4.796.320 |
| 12 | 628.475 | 4.796.264 |
| 13 | 628.655 | 4.796.090 |
| 14 | 628.839 | 4.795.577 |

Coordenadas da torre meteorolóxica:

| Torre meteorolóxica | Coordenadas UTM (Fuso 29 ETRS89) | |
|---------------------|-------------------------------------|-----------|
| | X | Y |
| | 628.555 | 4.796.649 |

Características técnicas das instalacións eléctricas de produción, interconexión e transformación:

- 14 aeroxeradores Gamesa G132 de 3.465 kW de potencia nominal unitaria, de 84 metros de altura de buxa e 132 metros de diámetro de rotor.
- 14 centros de transformación de 3.900 kVA de potencia nominal unitaria e relación de transformación 30/0,69 kV, Dyn11, instalados individualmente no interior de cada aeroxerador coas súas correspondentes aparellos de seccionamento, manobra e protección.

- 1 torre meteorolóxica autoportante de 85 metros de altura, equipada con viraventos, anemómetros, medidor de temperatura, medidor de presión e rexistrador de datos.
- Subestación transformadora híbrida de exterior cun transformador principal 132/30 kV de 55 MVA de potencia nominal e outro de servizos auxiliares 30/0,4-0,23 kV de 50 KVA de potencia nominal, xunto cos correspondentes equipamentos de control, seccionamento, manobra, medida e protección.
- Edificio de control no cal se situarán, entre outros, as celas de liña, de protección e de medida.
- Liñas eléctricas subterráneas de 30 kV de tensión nominal, en canalización enterrada en gabias, para a evacuación de enerxía xerada, de interconexión entre os centros de transformación 30/0,69 kV e subestación transformadora 132/30 kV.
- Camiños ou vías para o acceso aos aeroxeradores, torre meteorolóxica, edificio de control e subestación eléctrica.

Este acordo publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial* da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

ANEXO

3. Alegacións presentadas durante o período de información pública indicado no antecedente de feito sexto:

José Antonio Edrosa López, o 14.12.2012; María Edita Cabana Pérez, o 19.12.2012; Gloria García García, o 19.12.2012; Ricardo García Bouza, o 19.12.2012; Luís Rodríguez Nogueira, o 27.12.2012; GenaroPargaVillamarín, o 28.12.2012; José Senén Sordo Fernández, o 3.1.2013; Marisa Varela Díaz, o 3.1.2013; Olga Nogueira Iglesia, o 9.1.2013; José Luís Rodríguez Martínez, Ana Rodríguez Martínez, Javier Rodríguez Martínez, Yovani Rodríguez Martínez e Mercedes Rodríguez Martínez, o 9.1.2013; Edita Lanzós Eiras, o 9.1.2013 e o 10.1.2013; Jesús PargaEdrosa e Edita Lanzós Eiras, o 10.1.2013; Alicia Gayoso Rodríguez, o 11.1.2013; GenaroPargaVillamarín, o 15.1.2013; María Ubalda Díaz López, o 15.3.2013; Elia Otero Castro, o 16.3.2013.

R. 3413

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 11 de febreiro de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede autorización administrativa previa e de construción para unha instalación eléctrica no concello da Pontenova. (nº expte. IN407A 2018/ 8655-AT)

Visto o expediente para autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se cita:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: Modificación LMTS Puentenuevo entre CT 9672 Puentenuevo e CT 7189 San Briz
- Situación: concello da Pontenova
- Características Técnicas:
 - LMT soterrada con orixe na LMT aérea Puentenuevo (apoio A57753) e final no CT 9672 Puentenuevo, en conductor novo tipo RHZ1-240, cunha lonxitude de 750 metros.
 - LMT soterrada con orixe no CT 9672 Puentenuevo e final no CT 7189 San Briz, en conductor novo tipo RHZ1-240, cunha lonxitude de 940 metros.
 - LMT soterrada con orixe na LMT soterrada Puentenuevo (arqueta 3) e final no CT 9672 Puentenuevo, en conductor novo tipo RHZ1-240, cunha lonxitude de 330 metros.

- Desmontaxe de 650 metros de conductor soterrado existente.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, tendo en conta a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e as competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da fecha da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito

Lugo, 11 de febreiro de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 0543

Anuncio

Resolución do 14 de febreiro de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede autorización administrativa previa e de construción para unha instalación eléctrica no concello de Viveiro. (nº expte. IN407A 2018/ 8656-AT)

Visto o expediente para autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a seguir se cita:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturias S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: reforma do CT 11132 Naseiro
- Situación: concello de Viveiro
- Características Técnicas:

Reforma do CT non prefabricado (11132) Naseiro, cunha potencia de 3x630kVA, consistente en:

- OBRA CIVIL

Realización de tres depositos de recollida de aceite, instalación de mamparas de protección para os tres transformadores e pintado do chan do centro.

- OBRA ELÉCTRICA

Instalación de tres transformadores de 630KVAS cada un, instalación de tres novas celas de liña e unha de protección, instalación de novas pontes entre o CT e o cadro de baixa e entre o CT e as celas de MT, novo circuito de terras e desmontaxe da aparamenta e embarrado ao aire de media tensión.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, tendo en conta a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da

implantación de iniciativas empresariais en Galicia e as competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, e o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da fecha da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito

Lugo, 14 de febreiro de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 0555

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

Conforme ao disposto no art. 32.4 do R.D.L. 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese a información pública por espazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación no B.O.P. deste anuncio, a modificación aprobada no Pleno de 29 de xaneiro de 2019 do Concello de Baleira do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Lugo, 19 de febreiro de 2019 O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. P.D. Decreto nº 0402 de 24 de febreiro de 2017 .O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, María Esther Alvarez Martínez.

R. 0542

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19000777 DO 04/02/2019

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día dous de xaneiro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo 7/7 BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL.

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para elaboración dunha lista para a cobertura temporal de prazas de Traballador/a Social, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión ordinaria celebrada o día dous de febreiro de dous mil dezanove, e que a continuación se transcriben:

“BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Elaboración dunha lista dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles, cando sexa necesario proceder a realizar unha contratación laboral temporal para cubrir as necesidades que poidan xurdir na categoría de Traballador/a Social, nos supostos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrírse o requisito da non presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- a) Estar en posesión do título de Grado en Traballo Social ou título superior ou equivalente na mesma especialidade.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

3.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE:

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

4.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse á Excm. Sra. Alcadesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas faráse constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na disposición final sétima da mesma).

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.- Fotocopia do DNI
- b.- Fotocopia da titulación esixida.
- c.-Fotocopia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

5.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

Consistirá en dúas fases:

A) Realización das seguintes probas:

PRIMEIRO.- Proba teórica a realizar en dito proceso selectivo, consistente na contestación dun cuestionario consistente en 20 preguntas sobre os temas seguintes, para o que disporá de 90 minutos:

1º A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º Os Servizos Sociais no ámbito municipal. Competencias e marco normativo.

3º A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

4º Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

5º O Programa de Axuda no Fogar nos Concellos .

6º A Ordenanza reguladora dos funcionamento dos centros de día do Concello de Lugo .

7º A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

8º Prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia. Procedemento de elaboración e revisión do PIA.

9º A Renda de Inclusión social de Galicia.

10º A determinación da capacidade económica e os criterios de participación das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servizo de axuda no fogar e doutros servizos sociais comunitarios nos que se aplique o copagamento.

11º Os Servizos sociais comunitarios básicos. Funcións. Programas e servizos.

12º O Sistema de Información das persoas usuarias de Servizos Sociais (SIUSS) e o Sistema de Información galego de atención á dependencia. (SIGAD)

13º As axudas de Inclusión Social (AIS) e as axudas de emerxencia social municipal no Concello de Lugo.

14º O informe social unificado (ISU) .

15º A Ordenanza reguladora do réxime interior do Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo (BOP número 129, de mércores 8 de xuño de 2011).

Cada pregunta será puntuada cun máximo de 0,25 puntos, debendo o persoal aspirante acadar un mínimo de 2,5 puntos para superar a proba.

SEGUNDO.- Proba de carácter práctico que consistirá na realización, nun período máximo de 90 minutos, dun suposto práctico que formulará o Tribunal sobre a aplicación do temario antedito. Esta proba será puntuada cun máximo de 5 puntos, debendo o persoal aspirante acadar un mínimo de 2,5 puntos.

Estas probas serán determinadas polo Tribunal inmediatamente antes da súa celebración.

O Tribunal poderá decidir que a parte teórica e a parte práctica sexan realizadas o mesmo día, debendo transcurrir neste caso cando menos unha hora dende o remate da parte teórica e o comezo da parte práctica.

c) Coñecemento da Lingua Galega.- Esta proba unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento da lingua galega ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Os que non o superen quedarán excluídos do proceso selectivo.

O aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

B) Baremo de méritos: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito. Máximo: 10 puntos.

Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na Administración Local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,051 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Lugo, os cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca nunha Administración Pública (Estado, comunidades autónomas, provincia ou municipio) e referidos ós últimos 10 anos: 0,023 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada no nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na empresa privada e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente a aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

b) Titulación:

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 0,50 puntos. Non será puntuada a titulación esixida para a praza a que se opta:

c) Formación:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos
- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Más de 160 horas: 0,75 puntos.

d) Inscripción como demandantes de emprego:

Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1,20 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

A puntuación final do proceso selectivo será a resultante da suma das puntuacións obtidas nas probas teórica e práctica superadas coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante. Os aspirantes que resulten seleccionados deberán aportar a documentación orixinal para o seu cotexo, igualmente, dita documentación poderá ser requirida a tódolos demais aspirantes en calquera momento do proceso.

5) Os integrantes das listas que foran avisados, con constancia do feito, para facer efectiva a súa contratación e renuncien a ela ou non respondan ó chamamento tras sucesivas chamadas, pasarán a ocupar o último posto da lista. O chamamento dos/as aspirantes para traballar, realizarase dende os de maior puntuación, podendo repetirse o chamamento cando sexa preciso cubrir novas prazas, ata que se acade o ano de traballo.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

Presidenta: D.^a María Jesús López Vázquez (Técnica) Xefa de Servizo de Muller e Benestar Social do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a M.^a del Carmen Neira Vieito, Técnica de Xestión do Concello de Lugo.

Vogais:

Titular: D.^a Ana Rosa Pérez García, Traballadora Social (adxunta de sección) do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a Isabel Ozores Sieira, Licenciada en Dereito do Concello de Lugo.

Titular: D.^a Elena Pilar Sánchez Picado, Traballadora Social (xefa de sección) do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a Carmen Vázquez Martínez, Traballadora Social do Concello de Lugo.

Titular: D.^a M.^a Edelmira López Arias, Traballadora Social do Concello de Lugo.

Concello de Lugo.

Suplente: D.Fernando Pérez Masero, Traballador Social do Concello de Lugo

Secretaria:

Titular: D.^a María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a Amparo Rubinos Hermida, Técnica Media de Xestión (Xefa da Sección de Estatística e Cemiterio) do Concello de Lugo.

7.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

